



TURISMO DE SANXENXO S.L.

Expediente 4/2019.

“SUBMINISTRO DUNHA CARPA CON INSTALACIÓN DE TARIMA, ENMOQUETADO, PLANCHADA DE ESCENARIO, ILUMINACIÓN E CLIMATIZACIÓN; DECORACIÓN DE NADAL; INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE SON; E CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE SEGURIDADE CON MOTIVO DE ACTIVIDADES PREVISTAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE NADAL 2019-2020 NO CONCELLO DE SANXENXO”.

**ASUNTO: ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA DO SOBRE "B", PROPOSICIÓN AVALIABLE SOBRE XUIZO DE VALOR.**

No Salón de Plenos do Concello de Sanxenxo, sendo as 11:00h. do 07 de novembro de 2019, reúnense os membros da mesa de contratación que se citan posteriormente, para proceder á valoración das propostas incluídas no Sobre B.

Os membros da mesa que asisten á sesión, de conformidade coas resolucións de presidencia de Turismo de Sanxenxo S.L. da datas 16 de outubro e 5 de novembro de 2019, son os seguintes:

- D. MARCOS GUIASOLA PADIN, Presidente substituto da mesa e vogal de Turismo de Sanxenxo, S.L.
- DNA. TERESA AMADO, funcionaria de intervención do Concello de Sanxenxo e vogal da mesa, por delegación do Interventor Xeral da entidade e do Concello de Sanxenxo.
- D. JOSE MANUEL REY RIAL, funcionario xurídico do Concello de Sanxenxo e vogal da mesa, en calidade de asistente xurídico.

Aberta a sesión pola presidencia, sendo a mesma de carácter público e non asistindo máis membros dos que se refire a presente acta, polos citados dase apertura aos SOBRES B dos licitadores admitidos inicialmente na sesión anterior, isto é:

**Lote 1.**

- *Irmarfer S.A.*

**Lote 3.**

- *Viveiros O Piñeiro, S.L.*

- *Barafunda S.L.*

**Lote 4.**


- *Gesatecnocom, S.L.*

Acto de apertura dos SOBRES B: PROPOSICIÓN AVALIABLE SOBRE XUIZO DE VALOR.

Procédese á apertura dos Sobres B das citadas empresas constatándose que a documentación conforme o PCAP está completa, **aprobando por tanto os membros da mesa dar traslado dos Sobres B ao comité de expertos designado e publicado no Perfil do Contratante para a valoración das devanditas memorias.**

**O informe de valoración dos sobres B elaborado polo Comité de Expertos, subirase ao perfil do contratante antes da celebración pública da sesión de apertura dos sobres C, a cal modifícase de data inicialmente prevista para o martes 12 de novembro e adiántase ao luns 11 de novembro ás 13:00h.**

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 11:30h., levántase a sesión da Mesa de Contratación, recolléndose o contido da mesma no presente acta, que emito eu, a secretaria, có visto e praxe do Sr. Presidente.



Romina Fernandez Pena.  
Secretaria da Mesa de Contratación



Marcos Guisasola Padín.  
Presidenta da Mesa de Contratación